



## LINGUA GALEGA E LITERATURA

### 2º ESO

Exercicios venres 27.

#### ACTIVIDADES: VERBOS REGULARES

**C) Imos facer un repaso rápido dalgunhas formas verbais.** (podes consultar as correspondencias de nomenclatura no cadro inicial; P4, P5 e P6 son respectivamente a 1ª, 2ª e 3ª persoas do plural)

1. P4 do copretérito de indicativo do verbo CORRER:
2. P2 do antepretérito do verbo EXAMINAR:
3. P6 do pretérito de subxuntivo do verbo PERDOAR:
4. P1 do pretérito de indicativo do verbo DECIDIR:
5. P5 do presente de subxuntivo do verbo PENSAR:
6. P3 do futuro de indicativo do verbo COLLER:
7. P4 do pretérito de indicativo do verbo ENGULIR:
8. P2 do presente de indicativo do verbo MORRER:
9. P3 do antepretérito do verbo CONTAR
10. P5 do pretérito de indicativo do verbo COMETER.

**D) Indica ti agora a persoa, o número, o tempo e o modo das seguintes formas verbais:**

1. DICTABA
2. LAMBICHES:
3. VIVISEN
4. HABITARADES
5. FERVERÍAN
6. COÑECEDES
7. ESCOITEMOS
8. CANTASEDES
9. REMITIRAS
10. TEMIAN
11. FALASTES

**E) Completa as seguintes oracións empregando o antepretérito de indicativo (acción pasada) ou o pretérito de subjuntivo (acción irreal, expresión dun desexo):**

1. Oxalá me (TOCAR) ..... a lotería! Había de mercar ese ordenador portátil.
2. Cando chegamos ao concerto, o grupo xa (CANTAR)..... a miña canción favorita.
3. Explicáronme despois por que os monitores (SUSPENDER)..... a viaxe á Ribeira Sacra.
4. Aínda que me (GUSTAR) ..... cantar, eu nunca podería ir a un programa de televisión.
5. Poderíámolo facer se nós (VIVIR) ..... na zona centro da cidade.
6. Chamoume por teléfono e díxome que vós (QUEDAR) ..... en collela ás once, despois do concerto.
7. Gustárame que me (ESCRIBIR) ..... todas as semanas unha carta durante as vacacións.
8. Esa rapaza pretendía que vós (LEVAR) ..... o traballo e ela o recoñecemento.
9. Cando entramos no restaurante, deime conta de que nós xa (COMER) ..... alí no aniversario de voda dos meus pais.
10. Pedíume por favor que ti (ESQUECER) ..... o que che dixo.

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

## 3ª ESO

Exercicios venres 27.

AVISO: Os poemas indicados podedes enconralos facilmente escribindo o título e o autor/-a en google.

### Grandes temas na poesía do Rexurdimento.

Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal.

#### A lingua galega

*“Prólogo aos Cantares”* Rosalía de Castro

1. Que pretende demostrar Rosalía con respecto á lingua galega?
2. Que tipo de lingua utiliza?

*“A fala”* Eduardo Pondal

3. Que tres funcións ten a lingua galega?

*“Falade galego”* Eduardo Pondal

4. Que propósito ten este poema?

*“A lingua tiveran”* Eduardo Pondal

5. Quen é “a nai aflixida”? De que se espanta?

*“Introdución”* Manuel Curros Enríquez.

6. Que prognóstico fai Curros con respecto á diversidade lingüística?
7. Cal será a nova lingua universal?

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

## 4º ESO

Exercicios mércores 25.

### A narrativa de posguerra

**EDUARDO BLANCO AMOR** (Vida e obra polo libro de texto)

#### Narrativa

- Centrada toda ela nun mesmo ambiente, **Auria**: O Ourense de **fins do século XIX e comezos de XX**

En *A esmorga* asistimos á declaración que un acusado fai perante un xuíz. Esta declaración está centrada na historia trágica do propio narrador e dous compañeiros, homes marxinais na sociedade, que, tras un día e unha noite de embriaguez, acaban autodestrúndose ou sucumbindo ante a represión das forzas da orde. Na novela ofrécese unha visión pesimista tanto da condición humana como da propia estrutura e funcionamento dunha sociedade que crea individuos marxinais e que non é capaz de os asimilar.

*Xente ao lonxe* ofrécenos unha visión máis positiva en ambos os aspectos. A novela xira arredor da familia dun tipógrafo e dirixente sindical e está narrada na súa maior parte en primeira persoa, desde o punto de vista dun neno primeiro e logo adolescente. A acción e protagonismo da novela exceden con moito a propia familia, xa que o autor pretende ofrecernos unha visión moi completa da sociedade ourensá de comezos de século e de forma especial do nacemento do movemento obreiro. Todas as clases e sectores sociais están reflectidos na novela, así como múltiples temas: a educación, a relixiosidade, a pobreza, a hipocrisía social, o espertar sexual do propio narrador, as loitas políticas, a prostitución, a emigración... Un lugar destacado ocupa o tema da participación social da muller e a súa incorporación ao mundo do traballo na figura dun personaxe: Evanxelina, muller que se nega a asumir o rol social feminino. E todo enmarcado de forma moi precisa nun contexto, con referencias a moitos acontecementos históricos: Guerra de Marrocos, Semana Trágica de Cataluña, caída da monarquía en Portugal, roubo do baldaquino de Oseira, etc.

*Os biosbardos* é unha colección de relatos en que, aínda predominando o realismo, se dá entrada a certos elementos fantásticos. Os contos son narrados polos seus propios protagonistas, nenos e adolescentes entre os once e os dezasete anos. Son nenos (de extracción social pequeno burguesa, aínda que en moitos casos vivindo na miseria) que viven e sofren o drama dunha situación social autoritaria, representada polos propios pais, o ensino e a Igrexa. Trátase dunha serie de interrogantes ante unha sociedade hipócrita, moi preocupada polas aparencias.

#### Actividades:

##### *A Esmorga*. Análise

1. Narrador/-es: Indica quen narra en cada parte e pon exemplos.
2. Personaxes
  - a. Principais:
    - i. Completa con outros apelativos e alcumes que teñen na novela):
      1. Cipriano Canedo, .....
      2. Eladio Vilarchao, .....
      3. Juan Fariñas, .....

- ii. Fai unha caracterización de todos eles (Como son, como se comportan con respecto aos demais, que clase de principios morais teñen...)
- b. Personaxes secundarios (clasificar por ocupacións e/ou clase social)
- i. Selecciona os cinco que teñan máis importancia na novela e caracterízaos brevemente.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A Raxada</li> <li>▪ A Costilleta</li> <li>▪ A Subela</li> <li>▪ O Lisardiño</li> <li>▪ Don Pepito, o médico</li> <li>▪ O Serantes</li> <li>▪ Un tratante de gando</li> <li>▪ A Esquilacha</li> <li>▪ Don Fernando de Andrada e a súa muller</li> <li>▪ O Argadelos</li> <li>▪ O Lambelaxas</li> <li>▪ O Rodeiro</li> <li>▪ O Pega</li> <li>▪ Don Marcial, O Saltapalletas</li> <li>▪ A Fuca</li> <li>▪ O Berzas</li> <li>▪ A tía Delfina</li> <li>▪ Balbino, o Cebola</li> <li>▪ A Nonó</li> <li>▪ A Monfortina</li> <li>▪ A Cupatrás</li> <li>▪ A Piolla</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Fermín, o faroleiro vello</li> <li>▪ O Sardiña</li> <li>▪ María dos accidentes</li> <li>▪ Lola, a viguesa</li> <li>▪ Socorruto</li> <li>▪ Almería, o mozo da Mendeznúñez</li> <li>▪ A Zorrita</li> <li>▪ A Cansentado</li> <li>▪ O cego Cudeiro</li> <li>▪ O Jiménez</li> <li>▪ O Quintela</li> <li>▪ A Fani</li> <li>▪ Pepe o Cabito</li> <li>▪ Argimiro, o Peste</li> <li>▪ O Roxo</li> <li>▪ O Zamorano,</li> <li>▪ Uns do Ribeiriño</li> <li>▪ O Sancristán</li> <li>▪ O Barrigas</li> <li>▪ O Chaguazoso</li> <li>▪ O Sancristán</li> </ul>
---	---